

## **BASES DA ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, DEPORTE, IGUALDADE E MOCIDADE DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2014**

A Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo é o órgano da Deputación que ten atribuídas as competencias en materia de Deportes.

Para impulsar a práctica deportiva, a Vicepresidencia Primeira da Deputación, a través da Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Por tanto, considérase necesario establecer as bases reguladoras da concesión destas bolsas, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza.

Por todo isto,

### **EXPOÑO**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é establecer os criterios que regularán a convocatoria do programa: Bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2014.

Terán a consideración de deporte de carácter individual todos aqueles deportes que, segundo a súa regulamentación, son practicados conxuntamente por un ou dous/dúas deportistas como máximo.

#### **SEGUNDO.- DESTINATARIOS**

Poderán acceder ás presentes bolsas todos e todas os/as deportistas da provincia de Lugo, que posúran ficha federativa durante o ano 2013 e que desde o día 1 de xaneiro do 2013 até o 31 de decembro do mesmo ano, participaran en competicións deportivas oficiais tanto de carácter provincial, galego, estatal como internacional e manteñan na data de presentación de solicitudes a súa actividade competitiva oficial e federada, ou de ser o caso que acheguen certificado médico que acredite a lesión que padeza o/a deportista que limite ou impida o mantemento da actividade oficial e federada requirida.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2013 até o 31 de decembro do 2013.

Os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes:

A. Requisitos persoais.

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, durante o ano 2013.
2. Estaren federados no período para o que se solicita a axuda e na data de solicitude da bolsa dentro da modalidade que practiquen.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

B. Requisitos deportivos.

1. Ter competido como mínimo en catro probas da modalidade deportiva pola que se solicita a bolsa. As citadas probas deben ter carácter oficial e estaren baixo o amparo da federación correspondente.

Deste último requisito quedan excluídos:

- a. Todos os/as deportistas integrados no GRUPO D.
- b. Aqueles/as deportistas que presenten solicitude en modalidades e especialidades deportivas como boxeo, maratón, *ironman*, *ultratrail*, *ultraman*, *titan desert* e outras análogas a considerar pola Comisión de Valoración, que polas súas características e esixencias de desgaste físico limiten por motivos de saúde a realización de varias probas no mesmo ano.

Estas bolsas non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

As bolsas reguladas nas presentes bases concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Establécense 4 grupos de beneficiarios segundo a idade dos/das aspirantes:

- GRUPO A, até 16 anos (todos os/as nacidos no ano 1997 e posteriores). Para este grupo destinaranse un total de 38.000,00 €, do orzamento total da convocatoria.

- GRUPO B, de 17 a 25 anos (nacidos/as no período comprendido entre o ano 1996 e 1988, ambos os dous incluídos). Para este grupo destinaranse 25.000,00 €, do orzamento total da convocatoria.

- GRUPO C, de 26 anos a 35 anos (nacidos/as no período comprendido entre o ano 1987 e 1978, ambos os dous incluídos). Para este grupo destinaranse 3.000,00 €, do orzamento total da convocatoria.

- GRUPO D:

1. Deportistas con capacidades diferentes,- sen límite de idade-, que participen nas distintas competicións e disciplinas.
2. Neste grupo tamén se incluírán todos aqueles/as deportistas menores de 36 anos a data 01-01-2014 que, por mor dunha lesión non puideran competir durante o ano 2013 ou parte del.

Para este grupo D destinaranse 4.000,00 € do total do orzamento da convocatoria.

As bolsas terán un importe máximo de 2.000,00 € e un importe mínimo de 300 € cada unha delas.

En función das necesidades globais da acción e do cumprimento da máxima eficiencia na execución do presente programa de bolsas, poderanse executar as modificacións precisas na distribución das anteriormente citadas cantidades entre os grupos de beneficiarios establecidos.

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de duascentas (200), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante en base aos criterios de valoración do punto sexto das presentes bases.

No suposto de se acadar o límite máximo de bolsas a conceder indicado anteriormente, para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, procederase de xeito excepcional á valoración dos terceiros e sucesivos mellores resultados de cada un deles.

### TERCEIRO.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 70.000,00 €, distribuídos segundo o establecido no punto segundo das presentes bases.

As seguintes bolsas convocaranse con cargo á aplicación orzamentaria 3410/481, segundo se recolle no Plan Estratéxico dentro da liña B.1, actuación C), da Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo.

### CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura no Anexo I, no Rexistro Xeral da Deputación ou ben a través dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común.

**Prazo para a presentación de solicitudes: 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOP.**

Cada deportista só poderá optar a unha única bolsa, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes virán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI do interesado/a (no caso de menor de idade deberán achegar tamén a Fotocopia compulsada do DNI do titor que asine e acompañe as autorizacións)
- b) Certificado orixinal de empadramento do concello da provincia de Lugo correspondente.
- c) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas (nacionais ou estranxeiras) para o financiamento da actividade para a que se solicita a bolsa (Anexo II).
- d) Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- e) No caso de ser beneficiario de subvencións anteriores, declaración xurada que acredite o cumprimento das obrigas inherentes ás mesmas (Anexo II).
- f) Certificación de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e coa Seguridade Social e así mesmo, autorización asinada para a solicitude,-no seu caso-, das correspondentes certificacións por parte da Área de Deportes.
- g) Cubrir o Modelo 145 referido ao IRPF. Retencións sobre rendementos de traballo. (Dispoñible na Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade ou na Axencia Tributaria Estatal).

- h) Certificado orixinal da conta bancaria, na que necesariamente figurará o solicitante.
- i) Certificado federativo que acredite a posesión da correspondente licenza, ou fotocopia compulsada da licenza federativa, que acrediten a vixencia da citada licenza no período indicado no punto segundo desta convocatoria, relativo aos requisitos dos/das aspirantes.
- j) Certificación expedida pola federación correspondente, dos resultados obtidos polo solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2013, obxecto da convocatoria.
- k) Se é o caso, certificación da federación correspondente da inclusión do solicitante no ránking galego, estatal ou internacional.
- l) A Unidade Administrativa recadará de oficio da Tesouraría Provincial a información de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias.
- m) De ser o caso, certificado médico oficial que acredite a lesión que padece o/a deportista que limite ou impida o mantemento da actividade deportiva oficial.
- n) Declaración xurada da condición ou non de deportista profesional.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo, así como na páxina web da Vicepresidencia Primeira da Deputación: [www.v1deputacionlugo.org](http://www.v1deputacionlugo.org)

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das bolsas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

#### QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requiriráselles aos/ás solicitantes que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos ou remedien a falta, con indicación de que se transcorrido o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A avaliación das solicitudes realizárase unha Comisión de Valoración, constituída con tal fin e terá a seguinte composición:

Presidente: O vicepresidente 1º da Deputación de Lugo ou persoa en quen delegue.

Vogais: Dous traballadores da Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade da Deputación de Lugo que se designen para tal fin.

Secretario: Un técnico da Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade designado para tal fin.

A Comisión de Valoración Técnica poderá transferir diferentes importes das dotacións económicas entre os distintos grupos sinalados no punto segundo destas bases, en función do número de solicitantes de cada un dos grupos.

Unha vez valoradas todas as solicitudes por parte da Comisión de Valoración, o vicepresidente 1º da Deputación de Lugo, proporalle a concesión das bolsas á Xunta de Goberno, quen resolverá. A resolución notificaráselles aos solicitantes.

O prazo máximo para resolver e notificarlles aos interesados/as a resolución do procedemento, será de 6 meses contados a partir do día seguinte hábil ao de finalización do prazo para a presentación de solicitudes. Transcorrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaron a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade.

## SEXTO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á modalidade deportiva para a que se solicita a bolsa e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co punto segundo das presentes bases, puntuarase a participación nas competicións provinciais, galegas, estatais e internacionais no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2013 até o 31 de decembro do mesmo ano.

Todos os/as solicitantes deberán acreditar a súa participación e resultados con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os dous mellores resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais, segundo o seguinte baremo:

### **A.- Campionatos do Mundo (até 50 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado

- Terceiro clasificado
- Participación no Campionato do Mundo
- Ránking mundial

#### **B.- Campionatos de Europa (até 40 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Participación Campionato Europa
- Ránking europeo
- Clasificación para participación Campionato Mundo

#### **C.- Campionatos de España ( até 30 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Participación Campionato Estatal
- Ránking estatal
- Clasificación para participación Campionato Europa

#### **D.- Campionatos Galegos (até 20 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Participación campionatos galegos
- Ránking galego
- Clasificación para participación Campionato España

#### **E.- Campionatos Provinciais ( até 10 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Clasificación para participación Campionato Galego

#### **F.-Campionato Universitario Galego (até 10 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Clasificación para participación Campionato universitario estatal

#### **G.- Campionato Universitario Estatal (Até 15 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Ránking Campionato universitario Estatal
- Clasificación para participación Campionato universitario Mundial

#### **H.- Campionato Universitario Internacional (até 20 puntos)**

- Primeiro clasificado
- Segundo clasificado
- Terceiro clasificado
- Ránking Campionato universitario Mundial

### **SÉTIMO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS**

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida publicación.

A resolución do procedemento non se fará pública, de acordo co punto 3, apartados c) e d) do artigo 18 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas, podendo designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

### **OITAVO.- PAGAMENTO DAS BOLSAS**

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo vicepresidente 1º da Deputación de Lugo, e tras un informe do xefe de servizo da Área de



Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida na base cuarta, puntos a), c), d), e), f), g), h), l) e n) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

#### NOVENO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

- Os beneficiarios/as das bolsas están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.
- Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores.
- Publicitar a súa condición de receptor de bolsas da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptíbel de portar imaxe.

#### DECIMO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

- A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce deste, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao vicepresidente Primeiro da Deputación de Lugo, polo menos con sete días de antelación á data na que se solicite que sexa aceptada a súa renuncia. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non gozada.
- O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñerlle ao órgano competente da Deputación de Lugo a revogación dos mesmos por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo anular os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houber, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.
- A adxudicación das bolsas será igualmente revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.
- A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

## UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 30/92 de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases e o inicio da correspondente convocatoria.

Lugo, de setembro de 2014

O deputado-delegado de Benestar Social, Deporte, Igualdade e Mocidade

Antonio Veiga Outeiro